

**Reproducción da publicación
-- 1ª edición –
“Mal de Moitos”**

(de Charlón e Hermida)

Exemplar dedicado por Manuel Sánchez Hermida:

“A o Sr. D. José Lloveres, ilustrado médeco do Ferrol, ofrecelle este pequeno recordo en sinal d-o moito afeuto que lle ten”

O Sr. Lloveres foi director do Dispensario Antituberculoso, persoa vencellada á vida cultural ferrolá e alcalde da cidade en 1930.

NOTAS SOBRE CHARLON E HERMIDA

A partir de 1915 comezarán a ter importancia no ámbito dramático os coros populares, posto que será neste ano cando o ferrolán Toxos e Froles se convirta no primeiro coro que inclúa o teatro de xeito estábel nas súas funcións. Desde ese momento, os coros populares formarán parte activamente da vida teatral galega, e incluso se converterán, na ditadura de Primo de Rivera, nos depositarios da mesma.

Euxenio Charlón Arias, (Santa Cecilia de Trasancos, 1887 – Ferrol, 1930) Con catorce anos ingresou na Escola de Artes e Oficios de Ferrol, e entre os anos 1901 e 1906 compaxinou os estudos de Aritmética, Xeometría e Debuxo co traballo de ebanista. Casa en 1911 con Teresa Viñas coa que tivo seis fillos.

Participou na fundación da Irmandade da Fala de Ferrol e na do **Coro Toxos e Froles**, e foi un dos primeiros impulsores do teatro en galego. Gran amigo do seu compañeiro de estudos e profesión, **Manuel Sánchez Hermida**, así os define Carvalho Calero: *‘Foron dous artistas de Ferrol que disfrutaron un tempo de grande popularidade. Socios entusiastas do laureado coro local Toxos e Froles, compuxeron pasos e sainetes que podían sempre ser interpretados por dous actores soamente. Eles mesmos daban a coñecer así as súas pezas’.*

Xuntos compuxeron *Mal de moitos, Trato a cegas, Calquera entende este enredo, Nocturno Periodístico, Axúdate, O Menciñeiro, Polo pan baila o can*. Ademais, Charlón escribiu en solitario a comedia *Carmela* e o sainete *Tumbos de feira*, así como letras para cancións das corais.

O **Real Coro Toxos e Froles** é unha agrupación musical de carácter tradicional galego. A súa fundación data de 1914 e parece estar relacionada co interese do gaiteiro Manuel Lorenzo Barxa por crear unha agrupación á imaxe e semellanza do primeiro coro galego Aires d'a Terra. Tamén se debe considerar a existencia da agrupación ferrolá Airiños d'a miña Terra como o seu precedente inmediato e máis próximo.

A presentación pública do coro Toxos e Froles faise no Teatro Jofre de Ferrol un sábado, o 29 de maio de 1915. A primeira bandeira do coro foi conseguida por subscrición popular e entregada polo poeta ourensán Antonio Rey Soto, representante das Irmandades da Fala. Naqueles tempos os lazos de amizade entre as irmandades e as agrupacións artísticas era moi forte. O papel de Toxos e Froles na fundación da Irmandade da fala de Ferrol en 191 foi crucial.

O coro, con Lorenzo á cabeza, forma parte dos programas de moitos festivais galegos. No mes de xuño do ano 1922 realízanse as primeiras gravacións discográficas da agrupación.

Máis información do Coro na súa páxina Web: <http://www.toxosefroles.com/>

ESTREAS E REPRESENTACIÓNS DAS OBRAS DE CHARLÓN E HERMIDA

Fonte: O TEATRO GALEGO E OS COROS POPULARES 1915-1931 de Laura Tato Fontaiña, Universidade da Coruña, Departamento de Filoloxías Francesa e Galego Portuguesa.

MAL DE MOITOS

1915.-**Mal de moitos**, estreada polos autores no Teatro Xofre de Ferrol, o 29 de Maio; no mesmo teatro, o 24 de Xullo e o 10 de Decembro. Representado polos mesmos, no Teatro Rosalía Castro da Coruña, o 4 de Decembro.

1916.- Instituto da Guarda da Coruña, pola Asociación das «Doctrinas Sociales y Escuelas Nocturnas de Obreros», o 5 de Xaneiro de 1916. «Juventud Católica» de Ferrol, no seu local, o 9 de Xaneiro. Grupo de amadores de Neda, o 9 de Febreiro. «Patronato Católico» da Coruña, o 20 de Febreiro. Grupo de amadores en Perlío (Fene), no salón "La Necesaria", o 2 de Maio. «Toxos e Froles», no «Círculo de las Artes» de Lugo, o 23 de Abril; no Teatro Salón de S. Xoan de Filgueira (Ferrol), o 11 de Xuño; no Teatro Principal de Ourense, o 21 de Xuño; no Salón Teatro de Monforte, o 3 de Xuño. Sociedade «Pro Cultura» de Rianxo, no seu local, entre o 1 e o 6 de Maio. «Agrupación Artística do Centro Obrero» de Lugo, no Teatro Circo desa cidade, o 1 de

Maio. En Chantada, representado polo cadro de declamación da «Liga de Amigos» da localidade, o 21 de Outubro. No Teatro de Beneficencia de Ortigueira, polo cadro de declamación da Comisión de Festas, o 25 de Decembro.

- 1917.- Representada pola Liga de Amigos de Santiago de Mera, no seu local, o 1 e o 5 de Xaneiro. En Noia por un grupo de amadores dirixido por José Lira, o 5 e o 28 de Xaneiro. Pola «Juventud Antoniana» da Coruña, no seu local, o 11 de Febreiro. Coro «Toxos e Froles», no Teatro de Beneficencia de Ortigueira, o 29 de Xullo. Coro «Agarimos da Terra», en Mondariz o 17 de Setembro, e en Pontearreas o 30 de mesmo mes.
- 1918.- Representada polo cadro do «Círculo Jaimista» de Santiago, o 27 de Xaneiro. Polo «Círculo Católico Obrero» de Ourense, no seu local, o 7 de Abril; no Salón Apolo de Ourense, o 13 de Maio. Coro «Toxos e Froles»; no Teatro do Príncipe de Madrid, o 21 de Maio. Cadro do Céntrico Lucense da Coruña, na súa sede, o 3 de Setembro. Cadro do «Batallón Infantil» de Santa Marta de Ortigueira, en Cariño, o 6 de Outubro.
- 1919.- Representada polo cadro da Irmandade da Fala da Coruña, na súa sede, o 1 de Xaneiro. Polo cadro do Patronato Católico da Coruña, na súa sede, o 8 de Febreiro. Polo cadro de declamación do «Liceo de Artesanos» de Corcubión (A Coruña), no seu local, o 20 de Xuño. Por un grupo de alumnos do Colexio da «Fundación Blanco» de Cee (A Coruña), no propio centro, o 20 de Xullo. Polo coro «Toxos e Froles», no Teatro Nemesio de Viveiro, o 14 e 15 de Agosto; en Ribadeo, o 18 de Agosto.
- 1921.- Representada no Teatro Renacimiento de Ferrol, polo coro «Toxos e Froles», o 26 de Febreiro.
- 1922.- Interpretada polos autores en Mondariz, en Abril e o 26 e 27 de Agosto; en Santiago, o 25 de Xullo. Representada polo cadro da Irmandade da Fala da Coruña, na súa sede, o 28 de Xaneiro. Polos «Antonianos» da Coruña, na súa sede, o 26 e 30 de Decembro. Por un cadro de amadores da Fonsagrada (Lugo), nesa localidade, o 31 de Decembro.
- 1925.- Representada polo grupo «Los Primerós», en Sada, o 12 de Maio.
- 1927.- Representada polo cadro de declamación da comparsa ourensá «Los Trovadores», no Teatro Principal de Ourense, o 22 de Febreiro.
- 1929.- Representada polo cadro de declamación do «Círculo Jaimista» de Ourense, no Círculo Católico de Obreiros desta cidade, o 28 de Abril; no Casino de Xinzo, o 26 de Maio.
- 1930.- Representada por un cadro de amadores de Camariñas, no salón dos Srs. Nogueira desa vila, en Xuño.
- 1931.- Representada polo cadro do «Círculo Jaimista» de Ourense, na súa sede, o 5 e o 12 de Abril.

OUTRAS OBRAS DE CHARLÓN E HERMIDA

Calquera entende este enredo, estreada polos autores no Teatro Xofre de Ferrol, o 12 de Marzo. 1916.

Nocturno periodístico, estreada polos autores no Teatro Xofre de Ferrol, o 14 de Novembro de 1916.

Trato a cegas, estreada por «Toxos e Froles», no Teatro Xofre de Ferrol, o 7 de Febreiro.


Axúdate, estreada polos autores no Teatro Xofre de Ferrol, o 30 de Abril de 1917.

O Menciñeiro, estreada polo coro «Toxos e Froles», no Teatro Xofre de Ferrol, o 1 de Setembro de 1917.

Polo pan baila o can, estreada polo coro «Ecos da Terra» de Ferrol, no Teatro Xofre desta vila, o 20 de Xuño de 1925.

Todas elas tiveron numerosas representacións posteriores.

Mal de moitos



PARRAFEO


de
Eugenio Charlón

Arias

e

Manuel Sánchez

hermida



Verrol: Imp. y Est. de "El Corteo Gallego"

Mal de moitos

PARRAFEO

POR

EUGENIO CHARLÓN ARIAS

E

MANUEL SÁNCHEZ HERMIDA



FERROL

Imp. y Est. de El Correo Gallego

Real, 139-141 — Canalejas, 130-132

1915

A-O CORO

Toxos e Froles

en proba d'o moito agarimo

==== que lle temos. ====

Cuáseque prólego

Denantes que pouses, leutor, tua vista n'estas follas, cómprenos darche unha satisfaución, si t-ademiraras de nos vere *d'autores dramáticos*.

Os repetidos rogos de nosos queridos amigos e compañeiros do coro «Toxos e Froles», obrígan-nos hoxe a pubricare, como denantes obrigáron-nos a compoñéreo, iste parrafeo que nomeamos *Mal de moitos* porque, por nosa mala fada, è pecado n-o que moitos dan, o de crére que mais s-aprecia pol'os alleos a quen mais menosprecia a sua pequena patria, a esta adourada terriña nosa.

N-o parrafeo toparás qu-o idioma gallego, como o nos usamos, non sae de nosas mas tan amañado como os bos faladores quixeran; pro ten conta que, tal como o falan nosos presonaxes, è como o fan cuáseque todol'os nosos peisanos, por costante abandono d-os vellos modos de falar.

Isto dito, crêmos que tí, bon leutor, perdonarásnos o atrevemento de querere formar entr'os ciudadanos d-iso que chaman a República d'as letras.

Eugenio Charlón Arias.

Manuel Sánchez Hermida.

O Ferrol-Inverno d-o M C M XV.

A-o Sr D. José Lloveres, ilustrado
medico do Fervol, aprecele este pag
no recorde en sinal do muito afeto
lle ten

Manuel Sánchez

Mal de moitos

Parrafeo en prosa,

orixinal de

EUGENIO CHARLÓN ARIAS e MANUEL SÁNCHEZ HERMIDA

Estreado con ruidento aprauso n-o trato «Jofre» d'o Ferrol, a noite d'o 29 de Mayo d'o 1915.

PARRAFEANTES:

VELLO PETRUCIO. Sr. Charlón (Eugenio).

MOZO..... » Sánchez Hermida.

Lugar d'o parrafeo, San Sadurniño (provincia d'a Cruña).

€ propiedade d'os autores

ACTO UNECO

O treato representa un camiño d'aldea. N-o fondo unha fraga. Cando erguen o pano, aparece pol'a esquerda o **Vello Petrucio**, c'un feixe d'herba ás costas e unha foiceira na man. Vestirá traxe d-o labor, ou ben seña, camisa d'estopa, calzón remontado, chaleque de picote, monteira pequena de burél e zocas.

PAROLA PRIMEIRA

Vello Petrucio

—Vaya que rendes ben irecoira...! (*Pousando o feixe n-o chan*): pois pol'o moito que peses non è... ¡Ay meus cadrís...! Que pouco vallo eu xa pra istes trafegos; e non hai romedio, senón roelas, psrque si un non se manea, os de fora non van a vir faguel'o labor. ¡E vaites que hoxe...! levei un bo currelo. Inda Dios non dera o día, xa iba eu camiño d'a fraga catar un carro de leña, e vaya... que traballiño me costou chegar co-el á casa; están esos camiños, que nin o demo ós acanea. Cando cheguei õ lameiro qu'esta n-o rente d'a encruzalada de Raña, espetáronsem'as rodas hastra o chedeiro; que si non foran os veciños, pode dar que aínda agora estiver'alí. Dempóis cando cheguei á casa e metín a leña n-o alboyo, votei uha cunca de leite c'un anaco de bola d'a tixela, e de contado, fun cavar un cacho de roza que me faltaba n-a Ferreiroa; á volta xantéi, estrei a corte, encaldéi as vacas, limpéi os semilleiros, puxen dous regos de patacas de tarde, escarballéi a silveira d'o fondal, y-ahora veño d'o arredor, de catar este feixe de comida pra-o gando: quero adiantal'o labor, por que mañán (¡i Diol'o quere) penso d'ir a-o Viscordel; e iso qu'iste ano non tiña dementes d'ir aló porque as pernas pésanme moito e... ademáis, eu xa non pinto nada n-as festas, bailar, non ei bailar, inda me costa traballo terme deita-

do, pra canto mais... E por iso, as rapazas gustar... non deixan de gustarme, pro... ¡vaiche boa! hay que velas e deixalas. Cando se chega ô meu tempo... ¡pouco aceite dan por un carto! Pro ben; dixer'ôutro, «hai que lér pol'o pasado».

¡Ay tempiños, tempiños! ¡qué presto fuxíchedes e que soliño me vades deixando! Soliño, sí, por que agora, parece que todos renegan d'aquelles tempos pasados; xa naide gusta d'as costumes d'os nosos antigos, tan cheas d'encantos. Non se ven bailar aquela riveiranas e muiñeiras onde rapazas e mozos, cós curazons a cugulo d'esperanzas, corrían tras d'unha felicidade aterna, nin s'escoitan aquelas cantigas melosas revertendo de poesía, tecidas entr'as espiñas d-os toxos ou entr'os cheirumes d'as nosas frescas frores, ou a-ò pe d-o lar, n-as longas noites d-o inverno. Fuxen os tempos e co-eles deixamos fuxir tamen as nosas costumes... ¡Mais iso non pode ser asinal! ¡si tal fixéramos, non seríamos dínos d'estar entr'as ventes e mostraríamos que aquí drento, levamos un croyo de seixo en troques de corazón...!

PAROLA SEGUNDA

Vello Petrucio.—**Mozo,** qu'entra pol'a direita. Vestirá traxe á moda, de pano fino, còr craro; sentaralle algo folgado: sombreiro de pano, cuello alto, zapato vaixo e calcetis de còr chamativo con listas; leva un paraugas novo n-a sua funda y-unha maleta.

Mozo

Buenas tardes, che.

Vello

Boas nos dê Dios.

Mozo

Oiga che, ¿saverá si voy ben en vías de Cada bás d'enriba?

Vello

Home, si, pro aínda che falta unha boa corre-
dela.

Mozo

¿Moi longa?

Vello

Así como media hora, andando ben.

Mozo

Y lueguito, che; ¿dónde m'atopo?

Vello

Pois mira tí; eiquí estamos n-a Areosa.

Mozo

La Areosa.... ¡Ah! si, si...

Vello

Ves, vaste, en dereito por ese camiño, botando
sempre sobre d'esta man, y-en chegando a-o Ta-
rambelo, collel'o camiño d'a dereita hastra chegar
â Seara, e dimpois bótaste por Labacengos enri-
ba, y-o chegar a Burreiros, xa atopas a casa d'os
de Moure.

Mozo

Moure... Moure... ¡Ah! sí, paréceme que tenjo
una ideya.

Vello

Logo, destonzas ¿ti non és d'alí?

Mozo

Coma ser soy, pro cuas que cuas puedo decir
que non le soy.

Vello

Fará moito tempo que faltas.

Mozo

¡A lo creyo, che!.

Vello

E logo, aínda que sea moita a pregunta ¿de
quen ves a ser?

Mozo

¡Que asperansa! yo venjo siendo, higo del tío Gurgo del Viduero.

Vello

D-o tío Hurxo d'o Vidueiro, quererás decir.

Mozo

Iso es; asina le din periquí.

Vello

¡Vaites, vaites! De modo e de maneira que ti ves sendô fillo d'él: E moi bon home, por certo, non despreciando a naide. Fúmosche moi camaradas aló n-os nosos tempos; Logo ti és o qu'estaba en Buenos Aires.

Mozo

En Buenos Aires cuasemente, no, yo venjo de la misma Erguentina.

Vello

(Si, he..) Bueno, home, bueno, pois m'alegro de que viñeras ben.

Mozo

Gracias, amigito.

Vello

¿El verías por aló, meu sobriño, Loís d'o Colmeote?

Mozo

Leís... Leís... ¡Ah, sí! Leís estaba n-un sitio que le dín... que le dín... parceme que me digueron Valpraíso.

Vello

Home, non che sei; aquí correuse de que morrera n-uns terremotos que houbera ond'él estaba

Mozo

¡Qué asperansa! Si Leís no trabagaba n'iso, che.

Vello

¡No qué, home! ¿Pro ti saves o qué iso?

Mozo

Y no hey saber ¡Que asperansa! Estoy farto de saberlo...

Vello

Bueno logo; aló ti, qu-ò entendes. (Párceme que iste è un de tantos que co-as suas agudezas, ándanos amocando pol-o mundo) De maneira que quixeche yir á festa énon?

Mozo

¡Que asperansa! Yo viñen por cousa de las quintas, lo mais a min no se me dá por las festas; cuasamente bastante pregiudicio me hació el ter que degar lo choyo que tiña.

Vello

Ay logo, estabas en boa coleccion.

Mozo

¡Coma no! Allí deguey de ganar mucha prata, amigo, yo estaba de capatas en una casa de campo.

Vello

¡Vamos.! ¡Que lástima! habería moita xente alí empreada.

Mozo

No, nada mais que era yo y el amo.

Vello

Bueno, home, bueno... Pois mira; non s'hai que asañar, e mañá non deixes d'ir á festa, que o qu'esteña de Dios nunca falta.

Mozo

Y luegito ¿qué festa es?

Vello

¿Cómo qué festa è? E logo tí non te lembrás de que mañá è o Viscordel.

Mozo

¡El Viscuerdel...? ¡Ah! sí. En verdá non hacía mamoria.

Vello

Home, parece mentira que digas isas cousas; por moito tempo que faltáras, non debías esquen- certe tan axiña d'a terra onde naciche ¡Aí! pois mira que vai estar unha festa guapa; como que todol'os mociños d'o lugar, pensan saír xuntos cō gaiteiro ô romper d'o día, cantando ô sond'a gai- ta y-o pandeiro.

Mozo

¿Pro inda se toca preiquí isa ferramenta? se iso ya non se úsa.

Vello

Cómo que non se úsa irecoira!

Mozo

¡Que asperansa! Agora hay las getarras y los peanos de manivela que tocan moy lindamente, Si ustede vira coma yo vin cantar y tocar el *Tá- pame que tenjo frio* el *Troulirón* y outra que le dín *Toribio*, *saca la lingoa* y outros muchos, eses si que dan gustito; o mais lo que tocan pr'eiqui yo nunca lo sentín por onde audibe.

Vello

¿Pro ti sabes o que dís? (Este non se me vai sin uns bos xesteirazos) De maneira que o *Tápa- me* y-o... ese... ¿cómo dicías...?

Mozo

¿Cual? ¿El de *Saca la lingoa*, *Toribio*?

Vello

O que che vai sacal'a lingoa non è *Toribio* si- nón que vou a ser eu, como sigas por ise camiño; e gardate moi ben de falar asína. Si tiveras un pouquiño de miolo non decías isas cousas. Todo aquél que non sabe honrar a terriña en que na- ceu, ese e capaz d'arrenegar hastra d'a sua nai e iso nô fai ninguén, porque honrándoas a elas, honrámonos nosoutros mesmos.

Mozo

¡Carambita, guagua! Non s'amoque el amiguíto que la cousa n'es pra tanto.

Vello

Como non m'ei d'anoxar irecoiral se oi un cada cousa que si non fora por Dios... dábache co-a fouciña entre corno e corno.

Mozo

Pro escuche, che, razone un lemento.

Vello

Que razón nin que raxo... Déixame a yalma en paz e sigue o teu camiño, porque díste xeito imos acabar moi mal. (Parce qu-o Demo nos trae esta mala semente).

Mozo

Pro imos a ver che. ¿Que motivaciones le dín yo pra que se salfurie d'isa manera?

Vello

¡Ainda o perguntas! Ven pr'acó e imos por partes. ¿Canto tempo fai que faltas d'esta terra?

Mozo

¡Qué asperansa! Pues entre viagues de ida y vinida, andará al rente de siete meses.

Vello

¡Sete meses!

Mozo

Si señor, que xa ve que no son siete somanas.

Vello

(Xa mo parecía a mín que...) De maneira que ti quês faguerme ver que sete meses son o bastante pra s'esquencer un home, d-o camiño d'a sua casa, pra deixar de falar a nosa doce fala e ainda mais; vir falando mal d'as nosas costúmes, única herdencia que nos resta como recordo d'unha tradición chea de gloria. Pode que ti tamén sexas un de tantos pintureiros que andan por ahí falando

a uso de Cáis e non se lembran de qu-os páis gastan cirolas d'estopa. Si ese camiño levas, eu ch'aconsello que o deixes; d'ise xeito, faguerías un mal papel e... hastra poñerías n,unha vergonza a-os teus páis.

Mozo

Señor, n'eso que vostede dí, pode que leve algo de razón.

Vello

¿Cómo que algo...?

Mozo

Si, porque... vamos, en ben sei que... pero poidera haber algún que dixera que...

Vello

¡Qué! ¡qué! ¡espricate!

Mozo

Como hay quen dí que falar gallego non está ben.

Vello

Os que isas cousas dín, será d'envexa quizáis; a ises dalles a fíga, e antes ceguen que tal vexan.

Mozo

E mais será certo. Pois mire, señor, eu, ben sabe Dios que nunca tratei d'ofender â miña terra; nos sete meses qu'estiben tan louxe, non pasou día que non tivera recordos pra ela, e se m'enchían os ollos de vagoas, temendo de non vela mais, pro idínse tantas cousas de nos! que tiven un lemento en que pensei mal; pro dimpóis d'o que me dixo, reconozco a miña falta e xúrolle que dende d'oxe saberei cumprir cô meu deber de gallego.

Vello

Pro ¿De verdade qu'era leria todo que ti me perguntabas?

Mozo

Era, señor, era, pro xa ve... a min parcíame...

Vello

Destonzas mañá irás á festa ¿non?

Mozo

¡E non ei d'ir señor! solo iso faltaba.

Vello

Pois mañán ô romper d'o día agárdote na mi-
na eira; alí axuntaranse todol'os mozos d'o lugar
e d'alí marcharemos prâ festa. ¿Tí non levarás es-
ta roupa? (*Sinalandol'o traxe que leva posto*).

Mozo

¡Eu! ¡qu'ei lovar, señor! si esta merqueina n-a
Cruña cando desembarquei. Ponderei a de picote
e saberei faguer honor á miña terra, como se debe.

Vello

Mui ben, rapaz, mui ben, fólgame de qu'así
sea. Conque agora á casa a saudar ôs teus páis
qu'and'estar deseando de te ver, e mañán, xa o
saves aló tágardo.

Mozo

Quede con Dios, e' hastra mañán.

Vello

Adiós e que non haiga mala novedá. (*Chaman-
dô*) Aspera, que antes imoslle decir algo a istos
senores.

Mozo

¿E logo?

Vello

Home, si, porque marchar sin lles decir ô que
viñemos non estará ben.

Mozo

Iso como vexa, mais, eu non sei que lles vou
a decir.

Vello

Home, o qu'a ti che pareza.

Mozo

Pois d'aquela, alo bou... (*Dirixese ò pubrico
con recelo*).

Vello

¡Acaba d'unha vez!

Mozo

Non, que se van rir.

Vello

Ese medo excusas de telo, sempre cando fales
en gallego.

Mozo

D'outro xeito non peso faguelo xa máis, meu
velliño.

Vello (*ò pubrico*)

Perseguindo unha idea
Nos camiñamos;
Non son trunfos nin gorrias
As que buscamos.
Solo pedimos
Moito amor parâ terra
Onde nacimos.

Cai o pano